

Agustín Fernández Paz, recoñecido co VII Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil



O premio ao autor galego anunciouse este luns en Guadalajara (México).

Agustín Fernández Paz recibe esta distinción en recoñecemento á súa extensa obra narrativa que, segundo afirma o xurado “trata unha gran diversidade de xéneros e temas”. Así o subliñou Verónica Abud, presidenta do xurado e representante da Organización das Nacións Unidas para a Educación e a Ciencia ([Unesco](#)). Alicia Molina, representante do [IBBY](#), salientou a capacidade do escritor galego para crear historias a partir de feitos cotiás que, apuntou, “seducen a calquera lector”.

O premio, que distingue as máis destacadas carreiras literarias no ámbito da literatura infantil e xuvenil, está dotado con 22 mil euros. Este [VII Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil](#) será entregado o vindeiro 29 de novembro en México, durante a XXV edición da Feira Internacional do Libro de Guadalajara (FIL).

Nas súas seis edicións anteriores o premio correspondéralle a Juan Farias (España), Gloria Cecilia Díaz (Colombia), Montserrat Amo (España), Bartolomeu Campos de Queirós (Brasil), María Teresa Andruetto (Arxentina) e Laura Devetach (Arxentina).